Campamento Digital

DOSSIER
INFORMATIVO

campamentodigital.org

Unha iniciativa de: CIBERVOLUNTARIOS.org

Financiado por: CODI Programa de Competencias Digitales para la Infancia

Ministerio de Juventud e Infancia

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Funded by the European Union NextGenerationEU

Qué é **Campamento Digital**

Campamento Digital, de Fundación Cibervoluntarios, formará a 275.000 nenos, nenas e adolescentes de 9 a 17 anos en toda España no uso da tecnoloxía.

Con estas actividades extraescolares de balde presenciais, as persoas participantes melloran as súas habilidades dixitais de forma divertida e educativa; aprenden a navegar de forma segura na Internet, buscar información e crear o seu propio contido dixital, protexer a súa privacidade e usar as redes sociais de xeito responsable.

O programa é flexible e pódese adaptar a distintos formatos e horarios.



En Campamento Digital, aprender é un xogo. Os mozos deben completar misións e superar retos que lles axudan a desenrolar competencias clave para a súa vida dixital, cunha plataforma educativa e **contidos adaptados a cada idade:**

De 9 a 12 anos

Aprenden a buscar información valiosa, crear contido dixital como presentacións ou carteis, identificar bulos e evitar a difusión de noticias falsas, ademais de recoñecer riscos na Internet e cómo manterse seguros.

De 12 a 13 anos

Céntranse en equilibrar o uso da tecnoloxía con outras actividades, coidar a privacidade nas redes sociais, xestionar contido na nube e detectar posibles situacións de ciberacoso.

De 14 a 17 anos

Desenrolar habilidades para xestionar mellor o seu tempo online, configurar a privacidade nas redes sociais, protexer os seus datos y buscar emprego, utilizando ferramentas dixitais coma Canva ou Genially.

Cómo **solicitalo**

Cualquera **centro educativo, concello ou entidade** que traballe con **infancia ou mocidade** pode solicitalo a través de

www.campamentodigital.org

ou contactando por teléfono ao

674 72 76 23

Contarán con todo o necesario para poder ofrecer as actividades ao seu alumnado: formadores, soporte na convocatoria e formación dos grupos e unha plataforma de formación con contidos para as distintas idades.

Campamento Digital é unha iniciativa impulsada por **Fundación Cibervoluntarios**, dentro do Programa de Competencias Digitales para la Infancia, CODI, posto en marcha polo Ministerio de Juventud e Infancia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

Sobre **Fundación Cibervoluntarios**

Somos unha ONG española de referencia internacional, pioneira no **voluntariado tecnolóxico.** Dende 2001 apostamos por unha transición dixital inclusiva e traballamos para **eliminar a fenda dixital.**

O noso obxectivo é **conseguir que todas as persoas teñan a oportunidade de acceder, coñecer e utilizar a tecnoloxía** para impulsar a súa autonomía, ter os mesmos dereitos e oportunidades de educación, emprego e participación social. Para facelo posible, contamos

cunha rede de 4000 persoas cibervoluntarias e colaboramos con máis de 3000 organizacións.

Formamos de balde a milleiros de persoas ao ano no uso da tecnoloxía de forma segura e positiva, e adaptamos as formacións ás súas necesidades: persoas maiores, mulleres, mocidade, migrantes, persoas con discapacidade, pemes, emprendedores e autónomos. Realizamos o 25% das nosas actividades en zonas rurais.

Impulsamos o **talento dixital**, formando a mozos en tecnoloxías innovadoras, como programación e robótica. Fomentamos as **vocacións tecnolóxicas** e o emprendemento en áreas STEAM, especialmente entre as nenas.

Promovemos o desenrolo e o uso de **tecnoloxías disruptivas** como a Intelixencia Artificial, o Big Data, o Blockchain e a Computación Cuántica de forma **aberta, ética, sostible e inclusiva, sempre cun enfoque centrado nas persoas usuarias.** Con este obxectivo, traballamos en proxectos nacionais e internacionais de investigación, formación e sensibilización na loita contra a desinformación, defensa da seguridade e privacidade, uso ético dos datos e o fortalecemento da democracia dixital. En definitiva, **en pro dos Dereitos Humanos e a consecución da Axenda 2030.**

As nosas principais liñas de acción

Traballamos para reducir a fenda dixital

Formamos de balde en competencias dixitais

Apoiamos a dixitalización de pemes e pequenas ONG

Fomentamos un uso positivo e seguro da tecnoloxía

Promovemos o talento dixital

Impulsamos a transformación dixital con impacto social

Dende 2005, en proxectos educativos

Dende 2005, desenrolamos programas educativos para promover un **uso positivo da Internet entre menores**, nos que se tratan temas como privacidade e seguridade, o benestar dixital e a prevención de conductas de risco. Tamén levamos a cabo iniciativas para **promover o talento dixital e o emprendemento en carreiras STEAM**, especialmente entre as nenas, para evitar a fenda dixital de xénero e fomentar o emprego feminino en áreas científico-tecnolóxicas.

En 2023, Cibervoluntarios formou a máis de 40.000 nenos e mozos en toda España, grazas á colaboración con máis de 600 centros educativos e entidades.

#CampamenTo DigiT@L

www.campamentodigital.org

Contacto

Fundación Cibervoluntarios
solicita@campamentodigital.org
+34 674 72 76 23

Redes Sociais

- @cibervoluntario
- Fundación Cibervoluntarios
- Cibervoluntarios
- @cibervoluntarios
- Fundación Cibervoluntarios
- @cibervoluntarios
- @cibervoluntarios
- **Canal de Whatsapp:** Fundación Cibervoluntarios

cibervoluntarios.org

Unha iniciativa de:

CIBER VOLUNTARIOS.org

Financiado por:

CODI Programa de Competencias Digitales para la Infancia

Ministerio de Juventud e Infancia
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
Funded by the European Union NextGenerationEU